

***E TI..., EDUCAS OU COEDUCAS?:
UNHA OLLADA PEDAGÓXICA DENDE UN PROXECTO INTEGRADOR***

***AND YOU? DO YOU EDUCATE OR CO-EDUCATE?:
A PEDAGOGICAL GLIMPSE FROM AN INTEGRATING PROJECT***

Ana Isabel Álvarez Vázquez

C.E.I.P. O Piñeiriño (Vilagarcía de Arousa)
ana.isabel.alvarez@edu.xunta.es

Xulia Quintela Gallego

C.E.I.P. O Piñeiriño (Vilagarcía de Arousa)
xuliaquintela@edu.xunta.es

Raquel Mariño Fernández

Universidade de Santiago de Compostela
raquel.marino@usc.es

RESUMO

A coeducación é un proceso de intervención social e educativa cun carácter proxectado ao logro dun desenvolvemento integral dos suxeitos, tendo presente a coexistencia de dous sexos diferentes non confrontados e que comparten unha mesma construción social, educativa e persoal. Dende esta perspectiva, a escola de hoxe en día ten a obriga de renovarse e dar respostas as novas necesidades e requerimentos de igualdade, respecto e liberdade entre homes e mulleres demandados polas nosas comunidades socioeducativas.

O traballo que se presenta a continuación recolle a experiencia vivida nun centro semiurbano de Vilagarcía de Arousa, o CEIP “O Piñeiriño”, a través dun proxecto coeducativo para todos os nenos e nenas da etapa de educación Infantil e Primaria (3-12 anos). O motivo fundamental que suscitou o desenvolvemento de dito proxecto foi a necesidade de traballar, de xeito organizado e sistemático, aqueles aspectos que favorecen o respecto e a colaboración entre os dous sexos para conseguir unha sociedade mais igualitaria e xusta. Para o logro de tal fin se deseñaron dous proxectos cunha duración de 3 anos, “Entre tod@s” e “Contando con elas”, nos que participou todo o centro. Os seus obxectivos principais foron:

- Modificar estereotipos masculinos e femininos.
- Sensibilizar ao alumando cara a corresponsabilidade nas tarefas domésticas

O artigo dá comezo ca descrición de cómo naceu unha idea que foi madurando a través da contorna e da historia do mesmo CEIP “O Piñeiriño”; de cómo todo o equipo docente se plantexou que o colexio é de todos e de todas (organización de espazos); de cómo se deron conta de que todos e todas poden facer de todo e traballar en equipo (organización de tarefas) e de cómo se percataron de que todos e todas deben colaborar e compartir esta idea, pois a Paz e a Igualdade se teñen que construír día a día.

Palabras clave: educación, corresponsabilidade, igualdade, estereotipo, modelos igualitarios.

ABSTRACT

The coeducation is a process of social and educational intervention with a character projected to the attainment of an integral development of the subject, having present to co-exist of two different sexes no confront and that share the same social, educational and personal building. Since this perspective, the school of nowadays has the duties to renew and give answers the new needs and solicitudes of equality, respect and freedom between men and women sued by our socioeducative communities.

This paper collects the experience lived in one semi-urban school of Vilagarcía de Arousa, the CEIP “The Piñeiriño”, through one co-educative project to all the boys and girls of Early Childhood education and Primary education (3-12 years). The fundamental reason that raised the development of this project was the need to work, in an organized and systematic way, those aspects that favour the respect and the collaboration between two sexes to achieve a society more equality and fair. In order to get of such aim two projects with a length of 3 years were designed: “Entre tod@s” and “Contando con elas”, where all the school participated. Their main objectives were:

- Modify masculine and feminine stereotypes.
- Sensitize to the students to corresponsability in domestic tasks

The article starts with the description of how was born an idea that went maturing through the environment and the history of school “The Piñeiriño”; about how all the teaching staff tried that the school belongs to all, girls and boys (organisation of spaces); about how they realized that all of them can do everything and teamwork (organisation of tasks), and how they realized that all must collaborate and share this idea, because Peace and Equality have to be built day to day.

Key Words: education, co-responsibility, equality, stereotype, equalitarian models.

1. INTRODUCCIÓN: CONSTRUÍNDO O COMPLEXO CONCEPTO DE “CO-EDUCAR”

A loita social e educativa polo logro dunha igualdade plena entre homes e mulleres é unha batalla que a día de hoxe segue sen resolverse. Ao longo da nosa historia a muller ocupou un papel destacado no desenvolvemento e progreso das nosas sociedades; con todo, a visibilización das súas participacións foi mínima e en determinadas épocas e esferas sociais, como a política ou a científica, foi nula ou case inexistente; Aos poucos, a través da incursión da muller na esfera do ensino e doutros movementos revolucionarios como foron o feminismo e a democracia foise facendo visible o invisible. Un destes grandes triunfos foi facer visible que todos os homes e mulleres temos os mesmos dereitos e obrigas na nosa sociedade. Grazas a todos estes dereitos e obrigacións lexislados pola nosa constitución xérase un cambio de enfoque e intervención socioeducativa que determina que non basta con educar aos nosos cidadáns e cidadás senón que debemos educalos na igualdade de sexos. Nace así un novo concepto revolucionario, progresista e revelador da sociedade do futuro, a co-educación.

Que se entende entón por Co-educar? Segundo García Pérez (2013), co-educar é cuestionar todo o avanzado en materia de igualdade e dar un paso máis; para o devandito autor xa non é suficiente a premisa inicial de que a escola debe reformular todo o seu sistema para educar en igualdade; hoxe en día damos ese paso de xigante e matizamos moito máis esa premisa. A escola debe educar a cada persoa respectando a súa integridade, a súa esencia, o seu ser. Co-educar é romper cos modelos educativos tradicionais e dominantes, entendendo que homes e mulleres somos diferentes en esencia e necesidades pero iguais en dereitos e deberes. A escola do mañá debe garantir pois que os nosos nenos e nenas cheguen a comprender, desde o respecto e a tolerancia, que significa ser unha muller e que significa ser un home no contexto e realidade socio-cultural de hoxe en día. É dicir, debe educar no común e na igualdade pero sen discriminar por razóns de xénero ou polo sexo das persoas. As claves para o logro da devandita equidade viran entón ao redor da detección e erradicación dos estereotipos asociados ao masculino e ao feminino que persisten nas nosas sociedades. O camiño a seguir para eliminalos comeza cunha toma de conciencia sobre os mesmos, unha reflexión sobre os aspectos que os manteñen vivos e unha intervención sobre os factores que os transmiten xeración tras xeración para erradicalos.

Na actualidade, a coeducación comeza a ser unha liña de acción nalgúns centros escolares. Nos devanditos centros empézase a cuestionar o currículo educativo, a linguaxe, os roles, os modelos familiares e profesionais, a socialización en determinados valores culturais, así como os propios comportamentos docentes. A partir destas novas reflexións póñense en marcha medidas de acción que permitan traballar e transformar na comunidade educativa os roles de xénero estereotipados, a feminización ou masculinización das profesións, a xestión das emocións e a afectividade entre homes ou a diversidade sexual, entre outras cuestións. As nosas actuais escolas defínense, xunto coa familia, como unha das institucións máis relevantes na transmisión de valores e comportamentos non sexistas para os nenos e para as nenas. Os colexios que apostan pola coeducación contan cunha proposta educativa e pedagóxica compartida pola maioría do seu equipo directivo e de docentes. Son profesionais cualificados que reivindicán e coidan de que tanto o material académico ofrecido dentro e fora da aula, como a súa forma e linguaxe á hora de dirixirse ao alumnado, estean libres de estereotipos para que nenos e nenas non se sentan nunca discriminados por razóns de xénero e/ou sexo. É dicir, garanten que todos e todas gocen das mesmas oportunidades educativas para crecer e desenvolverse en liberdade e para elixir un futuro satisfactorio (Salas García, 1997).

A coeducación que se promova nas escolas repercutirá positivamente no futuro dos nosos cidadáns y cidadás xa que:

- Ensinaralles a convivir con e desde o respecto, con liberdade e empatía cara aos demais
- Ofreceralles ferramentas para previr, xestionar e erradicar calquera posible problema derivado das violencias (tanto físicas como psicolóxicas).
- Os preparará para forxar unha sociedade mellor e máis equitativa onde todos e todas teñamos un lugar e unha razón de ser como persoas.

Temos pois entre as nosas mans un importante e complexo labor pedagóxico dentro das escolas, que nos involucra a todas as familias e a todas as esferas da nosa sociedade, un reto que en principio non dispón de data de caducidade.

No centro de “O Piñeirño” cremos neses principios e nesa realidade escolar e por iso decidimos dar un xiro total o noso quefacer académico diario. O equipo directivo e de docentes que nel traballamos compartimos a premisa inicial de que a escola educa máis polo seu ambiente que polo discurso illado de cada docente; tamén que todo o que permita a comunicación, a expresión das diferencias e o recoñecemento dos outros e outras é un xeito adecuado de previr a violencia e o conflito en xeral. Se ademáis engadimos as variables de xénero en particular a proposta de intervención se torna máis complexa, pois a prevención non é un punto máis dentro dun temario senón que precisa da transmisión diaria de mensaxes co-educativos e non excluíntes.

2. A ESCOLA, LUAR PRIVILEXIADO PARA CO-EDUCAR: QUÉ, QUÉN E CÓMO

A escola nace para dar respostas educativas as demandas e necesidades plantexadas pola sociedade. Podemos dicir que a escola está ao servizo permanente do que dita a sociedade á que atende. Os estereotipos e discriminacións entre homes e mulleres son un feito social e como tal debe ser abordado por todas as partes integrantes da comunidade educativa, isto é: polo equipo docente e non docente das escolas, o seu alumnado, as familias, os axentes sociais e todos aqueles membros que de maneira directa ou indirecta participan por e para a creación dunha escola máis equitativa, cohesionada, xusta e comprometida coa súa sociedade. O labor de coeducar é unha función que incumbe tanto a homes como a mulleres por igual, pois favorece a construción da identidade masculina e feminina así como a interrelación entre ambas (Abad, 2014).

A escola, como fiel reflexo da sociedade na que vivimos, debe traballar cara ao logro dun cambio radical na mentalidade dos seus cidadáns e cidadás en tres aspectos fundamentais: as tarefas domésticas, os xogos e xoguetes e a linguaxe. Entre ambos se establece unha relación directa de causalidade sexista que debemos transformar a través da coeducación e desde o núcleo familiar, escolar e social. Así, coeducar tamén desde o núcleo familiar leva transformar múltiples aspectos e funcións, pero neste proxecto decídese traballar sobre tres liñas de acción que destacan por encima das demais e óptase por:

- A) Actuar sobre o control, a planificación e o funcionamento do fogar (o que leva ensinar a establecer a orden as tarefas, as rutinas das mesmas, a xestionar a economía e os tempos, etc.);
- B) Fomentar a realización de tarefas domésticas concretas de maneira equitativa (o que supón inculcar nos nenos e as nenas que todos os membros da familia debemos compartir as tarefas de cociñar, lavar, pasar o ferro, coidar, etc.);
- C) Desenvolver condutas e comportamentos máis afables na xestión das emocións e do afecto (é dicir, débeseles guiar cara ao modelo dunha nova identidade masculina e feminina). Por tanto, coeducar desde o seo familiar leva ensinar aos nosos fillos e fillas a compartir todas as tarefas e responsabilidades familiares e domésticas por igual.

Podemos afirmar entón que o sistema educativo, xunto coa familia e os medios de comunicación, contribúen a esa transmisión de roles e estereotipos de xénero tanto positiva coma

negativamente. Por iso un dos nosos obxectivos educativos prioritarios foi darlles aos nenos e nenas, mozos e mozas do noso centro, unha educación plena que lles permita conformar a súa propia identidade así como desenvolver a súa capacidade para vivir dunha maneira crítica nunha sociedade plural. Persequimos que o noso alumnado chegue a desenvolver e exercer a tolerancia, a liberdade e a solidariedade cos seus iguais dentro e fora da escola; como centro e comunidade educativa temos a obriga de seguir pois a traballar na procura destes obxectivos.



Outro aspecto relevante no plantexamento deste macro proxecto foi a crenza de que toda acción educativa está comprometida cunha serie de valores, tanto explícitos como implícitos, declarados ou non declarados. E dicir, os mestres e mestras sabemos que dun xeito inconsciente podemos contribuir a reproducir modelos e actitudes sexistas, polo que debemos estar moi atentos para que as nosas intervencións sexan totalmente respectuosas e coeducativas. Polo tanto traballamos cara unha linguaxe non sexista.

Tampouco queríamos esquecer a importancia de abordar o “centro educativo” como espazo de adestramento para a vida e para as relación sociais. Aceptar que formamos grupos humanos que comparten normas que se estiman valiosas para a vida en común é un primeiro paso para a educación en valores, polo que dentro dos nosos horarios escolares tiña que haber tamén un tempo establecido para tal fin. A pesares dos grandes logros a prol da igualdade que se levan acadado na nosa sociedade occidental e na nosa escola en particular, aínda compre traballar a fondo na superación de moitos dos estereotipos e discriminacións por razóns de xénero que seguen a perdurar no tempo. Cremos firmemente que a escola segue a ser o lugar idóneo para liderar este reto e comezar o proceso do cambio.

3. “ENTRE TOD@S” E “CONTANDO CON ELAS”: UNHA ANDAINA DENDE O ANO 2001 ATA A ACTUALIDADE

A escola coeducativa é un espazo de aprendizaxe neutral que transmite valores e prácticas educativas incorporando a perspectiva da diversidade de xénero e diversidade cultural. Tal como se recolle na Guía para a elaboración dun modelo Coeducativo de centro (1997, p. 14), “*este modelo de escolas teñen como obxectivo a eliminación de estereotipos entre sexos superando as desigualdades sociais e as xerarquías culturais entre nenas e nenos*”. Podemos dicir que unha escola se volve coeducativa cando as súas metas rediríxense ao logro da erradicación das desigualdades que se xeran por unha aprendizaxe estereotipado do xénero e polo impacto dun sexismo social discriminatorio, que se establece no tipo de relacións e roles sociais que homes e mulleres deben asumir dentro dunha sociedade ou unha comunidade educativa concreta.

O espazo que nos ofrece a escola é un escenario idóneo para empezar a construír os cimentos da devandita escola coeducativa, pois representa un fiel reflexo da organización socio-educativa discriminatoria que con frecuencia impera nos centros. A maneira na que se distribúe e xestiona devandito espazo condiciona os seus usos, por iso, cando os nenos utilizan mellores e maiores cotas de espazos fronte ao ocupado polas nenas, estamos a reproducir e perpetuar as desigualdades sociais e educativas máis tradicionais que deixaban ás mulleres relegadas a un segundo plano ou directamente invisibilizadas. O que se busca pois é xerar un cambio profundo nas condutas estereotipadas e fomentar usos diferentes do mesmo que promovan a adquisición de actitudes, aptitudes e valores non sexistas. Podemos dicir que procuramos incidir nas actividades que nel se realizan, nas persoas que os ocupan, nos elementos que o compoñen e no sentido que se lle otorga o espazo escolar. O presente proxecto persegue transformar o noso espazo escolar en espazo de igualdades para mellorar as identidades, as conductas, os usos e significados que lle dan o mesmo tanto os alumnos e alumnas, coma os mestres e mestras, as familias e demais profesionais socio-educativos que participan da nosa comunidade educativa (Gómez Rijo, 2004).

Cando falamos da reorganización de espazos en clave coeducativa, referímonos o comezo dunha verdadeira reconquista de tódolos espazos do centro, pero sobre todo dos espazos de lecer. Fai moitos anos, alá polo curso 2001-2002, observamos que os balóns e os nenos ocupaban os espazos centrais e de maior dimensión do recreo; tamén que case a totalidade do espazo se empregaba para xogar ao fútbol, **deporte básicamente masculino**, polo que as nenas ou ben non tiñan case espazos alternativos ou ben non “*podían*” ou non “*querían*” participar nel. Nos propuxemos entón organizar un patio respectuoso coa diversidade, redistribuíndo os espazos e as quendas de uso; así foi como todos os membros da comunidade educativa nos puxemos dacordo para que en adiante os xogos con balón, como o baloncesto e o fútbol, só se poderan desenvolver na pista e por quendas. É dicir, cada día acordouse que lle correspondería a un nivel e curso xogar co balón, e todo o alumnado dese nivel e curso serían os únicos que poderían participar nel. Así mesmo, habilitáronse outros espazos para compartir nese horario, tales como: a aula de informática, o ping-pong e varios baúis con xogos e xoguetes para todos e todas con cordas, gomas, bonecos, aros, ...etc.

A idea principal foi que cada quen tivese a oportunidade de desfrutar dese intre como mellor lle parece, sen prexuízos nin sexismos. O papel do profesorado no patio foi crucial para o logro de tal fin, pois entre outros quefáceres se lles encomendou: “*facer que se respecten as quendas e*

que todo neno e nena que queira participar no xogo que lle corresponda e lle apeteza, non quede excluído”.

Outra proposta para dinamizar en perspectiva de xénero o espazo do lecer foi organizar e promover “*Intercambios Deportivos*”. Da man do profesorado de Educación Física, e dende fai máis de quince anos, se están a realizar trimestralmente éstos intercambios con outros centros da localidade. Nos mesmos organízanse actividades nas que aqueles deportes tradicionalmente masculinos perden esa característica ao conformarse equipos mixtos con nenos e nenas. Asemade nestes torneos coeducativos tamén se fomentan outros valores cruciais como son a cooperación, o respecto, a liberdade e o deporte en equipo como fonte de diversión e saúde.

Chegados ao curso 2006- 2007 elaboramos e desenvolvimos un proxecto pioneiro no centro, o proxecto coeducativo “*Entre tod@s*” centrado en dous bloques principais:

- O traballo doméstico.
- A corresponsabilidade.

As **razóns desta elección** foron que aínda que a sociedade avanzou moito no século XX en canto a igualdade de xénero, as estatísticas seguen a mostrar que as tarefas domésticas seguen a recaer sobre as mans das mulleres; ademáis é un tema coñecido, accesible e fácilmente analizable para os nenos e nenas de infantil e primaria porque forma parte da cotidianidade do noso alumnado; por último, engádesse o feito de que o corresponsabilizarse entre todos e todas nas tarefas da casa se axuda a crear relacións de equidade dentro do fogar ou do espazo de convivencia compartido (Panadero e Leris, 2002). Polo tanto, partindo destas dúas premisas, os **obxectivos** que nos propuxemos acadar o longo destes dous anos de proxecto foron os seguintes :

- 1) Observar a distribución de tarefas en razón de sexo nos fogares.
- 2) Modificar estereotipos masculinos e femininos.
- 3) Sensibilizar ao alumando cara a corresponsabilidade nas tarefas.
- 4) Facer competentes aos nenos e nenas en tarefas domésticas sinxelas favorecendo o desenvolvemento da súa autonomía persoal

4. A INTERVENCIÓN EN CLAVE DE COEDUCACIÓN: DESGLOSE DE ACTIVIDADES

A proposta de actividades de intervención Co-Educativas que se amosan a continuación forman parte do proxecto “*Entre tod@s*” desenvolto o longo do curso académico 2006/2007. O noso cometido con este traballo é dar a coñecer unha experiencia escolar real, que poida servir como punto de partida para outros centros e realidades que tamén queiran transformar dun xeito co-educativo as súas escolas. Polo tanto, a secuencia de actividades que aquí se recollen deberán ser complementadas, reformuladas e adaptadas as necesidades, circunstancias e contexto de cada centro.

Dito o cal dentro do bloque **Corresponsabilizarse** realizamos varias actividades que estaban encamiñadas a que os nenos e nenas da escola tomasen conciencia de **quén** desenvolve as tarefas domésticas no seu fogar e de **cómo** cada un deles e delas deben colaborar para que o traballo dos adultos sexa equitativo e máis leveiro.



Estas actividades se realizaron con cada grupo-aula en catro fases:

Na primeira fase artellouse un coloquio en gran grupo onde charlamos sobre as persoas que viven con cada un de nós na casa, para logo debuxalos. De seguido cada neno e nena compartiu unha explicación do seu debuxo e comentou que é o que máis e o que menos lle soe gustar da súa familia. A continuación o alumnado individualmente cubriron diferentes fichas e unha enquisa, adaptadas ao seu nivel, sobre os traballos que se fan no día a día nas súas casas e sobre quen os desenvolve con maior frecuencia.

Na segunda fase tamén se traballou co gran grupo-aula á redor das resposta dadas a seguinte pregunta: *Que hai que facer nunha familia para que todo o mundo estea contento?*. Resultou moi interesante anotar as súas aportacións nun mural que permitiu observar, reflexionar e debater como ía mudando o xeito de enfocar esta cuestión a medida que se ía avanzando en materia de coeducación.

Na terceira fase propónselles un xogo de simulación en pequenos grupos de non máis de catro membros. O xogo consistiu no suposto imaxinario de que os adultos da casa desaparecesen ou non estivesen presentes durante una semana. Entón eles e elas tiñan que suplantar o rol dos adultos na figura do pai e da nai, e organizar as diferentes tarefas domésticas que hai que desenvolver no día a día dun fogar. Cada pequeno grupo ía anotando nunha cartolina como acometían as tarefas e o reparto das mesmas para logo comentalo e debatilo co gran grupo-clase.

Na cuarta fase, xa só dirixida para os mozos dos cursos do segundo ciclo en diante, se lles pide que cubran unha enquisa para reflexionar sobre quen asume e realiza as tarefas domésticas no seu fogar, invitándoos logo a reflexionar sobre por qué o peso do traballo doméstico recae

maioritamente sobre unha única persoa, e sobre como eles poderían colaborar, cambiar e actuar para que esas tarefas estivesen mais repartidas e equilibradas.

En canto ao bloque da aprendizaxe de tarefas **domésticas**, podemos dicir que se organizou mediante obradoiros cunha duración semanal dunha hora, aproximadamente, e ao longo de tres cursos académicos. Nesta actividade participou todo o profesorado do colexio polo que os grupos de intervención de cativos e cativas era reducido (15 nenos e nenas) e moi heteroxéneo, pois se conformaba con alumnado de diferentes cursos. O profesorado realizaba pois os obradoiros semanalmente, pero o alumnado acudía quincenalmente aos mesmos segundo a súa idade: de 3 anos a 2º curso de Educación Primaria e de 3º curso a 6º curso de Educación Primaria, respectivamente.



En ditos obradorios todas as semanas os alumnos e alumnas tiñan que acudir para realizar as seguintes tarefas:

“Dobrado de roupa, lavado de louza, pranchado de prendas de roupa, tendido óptimo da roupa, limpeza de calzado, varrer, pasar a fregona, facer un circuíto eléctrico sinxelo, poñer a mesa, reciclaxe, facer a lista da compra, cociña sinxela, facer a cama... etc.”.

Resaltar que aínda que non cause unha boa impresión esta proposta didáctica, debemos engadir que estes obradoiros eran unha das actividades mellor valoradas polo alumnado, creándose nos mesmos un ambiente de motivación, participación e colaboración entre os nenos e as nenas moi positivo e produtivo.

En canto as dinámicas grupais ou actividades colectivas máis significativas e relevantes para o noso centro atopamos a “*Árbore de Nadal de cores*”. Con esta actividade comenzamos en decembro de 2006 outra parte do macro Proxecto de Igualdade. Foi unha actividade colectiva para todo o alumnado do centro escolar. O obxectivo principal desta actividade colectiva foi elaborar entre todos e todas unha árbore de cores que, ademáis de decorar con motivo da festividade de nadal o vestíbulo, nos fixera pensar nos distintos significados que teñen as cores nas nosas vidas cotiás e si, en realidade, resulta tan importante e aceptable que a cor rosa se lle asigne ás nenas e a cor azul aos nenos. Experimentamos con todos e todas na propia pel que si un neno pegaba na árbore un papel de cor rosa e unha nena pegaba un papel de cor azul, non sufrían ningún cambios significativos.

Outra proposta moi interesante e satisfactoria para a nosa escola foi a actividade grupal programada con motivo do día internacional da paz: “*A VILAIGUALDÁ: Todas e todos somos quen de... Abre as ventas e verás que igual dá*”. Esta actividade foi unha montaxe plástica que se situou tamén no vestíbulo do colexio, e que consistiu na elaboración dun pobo coas súas casas no que ao abrir as ventás, se vía xente de diferente sexo e idade facendo as actividades domésticas ou se lían palabras ou mensaxes referidas a elas. Co eslogan que encabeza a nosa actividade o profesorado queríamos expresar dun xeito carismático que todas e todos nós somos quen de coser, de pranchar, de poñer a mesa, de regar as prantas... e por suposto de coidar da familia.



Como se pode observar, a idea fundamental deste macro proxecto de igualdade é a **valorización do traballo doméstico** e a **corresponsabilidade**. Pretendemos facer visible a realidade dos fogares facendo que expliciten o funcionamento diario das súas casas para, a partires desta visibilización, concienciar ao alumnado sobre a necesidade e posibilidade de que todos os membros da familia ou unidade de convivencia aporten algo máis ás tarefas que a cotío é preciso facer. Este cambio de actitudes e de conductas hacia o traballo doméstico e a corresponsabilidade favorecen un mellor

funcionamento e desfrute do tempo, facendo ver que non só os adultos se teñen que ocupar de todo o do fogar, senón que tamén eles e elas, os máis pequenos e pequenas da casa, deben e teñen que asumir un papel activo nás súas casas para realizar todas as tarefas existentes.

Xa entrando no curso 2007-2008 xurdiu no centro a posibilidade/oportunidade de participar no Plan Valora- Igualdade convocado conxuntamente por varias consellerías. Presentamos este proxecto “*Entre tod@s*” no que xa estábamos traballando, e decidimos complementalo cun novo traballo titulado “*Contando con elas*”, cuxos **obxectivos** principais eran:

- Facer ver ao alumnado os estereotipos de feminidade e masculinidade existentes que impiden un desenvolvemento individual, diferente ou singular das persoas.
- Fomentar actitudes contrarias aos prexuízos sexistas, vivenciando e compartindo procedementos de actuación igualitarios no colexio, na aula, no patio, nos obradoiros e nas actividades adicadas a este fin.
- Decatarse dos impedimentos que tiveron as mulleres e os homes para desenvolver certas actividades.
- Transmitir a filosofía deste proxecto aos pais e nais para que estean informados deste proxecto e obter a súa colaboración.



Con este novo proxecto péchase un círculo de traballo pola igualdade que, a día de hoxe, segue a fomentar unha aprendizaxe coeducativa no centro. É dicir, continuamos desenvolvendo na escola os obradoiros de tarefas domésticas, que cumpren co obxectivo de romper estereotipos dentro das tarefas do fogar e capacitar aos nosos nenos e nenas para desenvolvelas con equidade. Os obradoiros de actividades mellor valoradas polo noso alumnado e o profesorado seguen a ser as seguintes:

- **“XOGANDO”**: Actividade sempre desenvolvida polo alumnado de Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria, e que pretende que todos os cativos e cativas poidan experimentar diferentes tipos de xogos, os cales historicamente foron xogos estereotipados de nenos ou de nenas, tales como: *coches, bonecas, o trompo, bailar con cintas, con cariocas, a goma, a corda,...* O papel do profesorado aquí é o de observar e anotar que acontece nun primeiro momento e o de intervir de xeito lúdico rompendo ditos estereotipos.
- **“LENDO”**: O obxectivo deste obradoiro é o de entresacar os estereotipos que están tan arraigados nos contos clásicos. Para iso en Educación Infantil utilizáronse contos coeducativos e material manipulativo como os crebacabezas e/ou cartas, que serviron de motivación para dar comezo a charlas-coloquio sobre os estereotipos presentes pero dun xeito moi lúdico e distendido. (Algúns dos contos empregados foron por exemplo os da Colección *Quen o fai?* Do colectivo Infesta. Editorial Sotelo Blanco). En 1º e 2º de Educación Primaria utilizáronse os contos clásicos de Brancaneves, A Cincenta e A Bela Durminte do Bosque. A partires das súas lecturas, buscáronse adxectivos ou cualidades de cada un dos personaxes, cuestionando logo se poderían acontecer os mesmos feitos pero ao revés. Noutra sesión contraria faríamos a lectura de contos diferentes que rompen con esos estereotipos tales como “A princesa peleona” ou “Vanesa non quere ser princesa”.

Nos cursos de 3º a 6º de Educación Primaria preséntanse os mesmos textos que en 1º e 2º pero se traballan cunha complexidade maior, pois agora os rapaces e rapazas se enfrentan a una análise da linguaxe utilizada, cuestionando se hoxe en día eses atributos ou expresións poden ser correspondidos só cos homes ou só cas mulleres. É dicir, deben reflexionar sobre se eses estereotipos son xustos e permiten o desenvolvemento libre e singular de cada quen ou todo o contrario.

- **MULLERES PIONEIRAS**: nesta parte do proxecto propúxose un pequeno traballo de investigación para cada grupo-clase sobre unha muller calquera que fixera algo por primeira vez na historia: por exemplo conducir un coche, escalar o Everest, ir ao espazo,... etc. Tamén se pretendía visibilizar as figuras femininas do seu entorno familiar, así cada un tiña o deber de investigar na súa familia qué muller fora a primeira en desenvolver unha actividade ata ese momento só desempeñado polos homes.

Con esta actividade pretendíamos que se decatasen de cantos anos tardaron máis as mulleres en gozar dos privilexios cotiás que só desfrutaron os homes o longo da nosa historia social (saber canto tempo pasou ata que as mulleres puideron votar, conducir un coche, ir á universidade, vivir en liberdade... resulta esencial para comprender a sociedade actual). Cos traballos obtidos en cada clase fixéronse unha presentación de diapositivas e un mural, que tamén se expuxeron na entrada xunto con outro no que homes famosos saían realizando actividades domésticas. Para nós tamén resultaba moi importante traballar a outra cara da moeda na que se amosasen homes que “rompesen moldes”, para que os nenos e nenas os recoñecesen, se identificasen e os tomasen como referentes.

5. AVALIACIÓN E BALANCE DE RESULTADOS

Nos proxectos aquí recollidos plantexouse unha avaliación integradora do profesorado, do alumnado e dos proxectos en si mesmos. Para iso conseguíuse que o profesorado participase activamente, sobre todo nas dinámicas dos obradoiros e nas lecturas alternativas propostas, avaliando en clave de coeducación e nas sesións de cada trimestre, positiva ou negativamente as actividades realizadas. Para o alumnado, ademais de observar a súa actitude e motivación no desenvolvemento das actividades, se tivo en conta a realización de carteis alusivos ao tema para unha exposición presencial a finais de curso. Queda patente pois que a idea principal do noso proxecto de coeducar está asumida por todo o equipo docente do centro, máis temos que recoñecer que non sabemos o que verdadeiramente acontece nas súas casas. De todos os xeitos, podemos dicir que dende a escola a mensaxe está lanzada e traballada.



En canto ao proxecto concluímos que foi moi gratificante tanto para o profesorado como para o alumnado, incluso para gran parte das familias que nos amosaron o seu apoio e acordo co enfoque plantexado neste tema. A pesares de todo isto os obxectivos principais do noso proxecto poden chegar a parecer moi ambiciosos ou pouco adaptados a realidade cotiá do centro escolar. Máis a pesares desa errada percepción e do encorsetamento que temos cos nosos contidos curriculares, cas constantes avaliacións, cas saídas, conmemoracións e demais accións académicas as que nos someten as administracións, podemos dicir que anque as veces non nos permitiron rematar o proxecto tal e como estaba concebido, os resultados xerais foron moi satisfactorios.

6. CONCLUSIONES E MOMENTO ACTUAL: TRABALLANDO O FUTURO

Nestes últimos anos seguimos a traballar en prol da igualdade e ampliamos os nosos horizontes de intervención en espazos como son a educación emocional e a resolución pacífica de conflitos. A chegada ata aquí é natural e positiva, pois despois de quince anos desenvolvendo proxectos de respecto ao medio ambiente, da realización de actividades a prol da igualdade, do desenvolvemento de obradoiros para a atención á diversidade, etc., aínda nos quedan folgos, retos e soños por cumprir.

Finalmente podemos dicir que todas as actividades que se desenvolveron nos Centros co fin de traballar a igualdade tiveron un resultado moi positivo. Mais, como profesorado non debemos esperar a que sexa todo o centro o que participe na actividade senon que as dinámicas coeducativas que establezamos nas nosas aulas o nas nosas clases, van deixar unha pegada importante no alumnado co que traballamos.

O profesorado como modelo de comportamento coeducativo é de gran relevancia, pois todos e todas recordamos con agarimo aquel mestre ou mestra que coa súa actitude, paciencia e cariño nos transmitiu valores que hoxe en día xa incorporamos ao noso xeito de ser ou de facer. Paga a pena adicarlle pois un tempo a pensar que modelo estamos transmitindo dende as escolas e cal é o que en realidade queremos transmitir para actuar en consecuencia.

Como remate final deste traballo queremos agradecer a todo o profesorado do noso claustro que participaron con tanto entusiasmo no desenvolvemento desta experiencia; a todos e todas grazas.

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abad, M^a L. (2014). Niños jugando a juegos de niñas. *Revista Aula de Infantil (0-6 años)*, n^o 78, pp. 42-43.
- García Pérez, R. (2013). La organización escolar co-educativa. Indicadores de género y colaboración de los centros en planes de igualdad. *Profesorado: Revista de curriculum y formación del profesorado*. Vol. 17, n^o 1, pp.141-160.
- Gómez Rijo, A. (2004). ¡Aquí jugamos todos! Modificaciones en un juego deportivo alternativo para fomentar la coeducación. *Revista de Educación Física: Renovar la Teoría y la Práctica*. n^o 96, pp. 35-38.
- Panadero, B. y Leris, N. (2002). *El trabajo doméstico. Unidad didáctica en Educación Primaria*. Zaragoza: Gobierno de Aragón-Instituto Aragonés de la Mujer. Disponible en: http://www.aulaviolenciadegeneroenlocal.es/consejosescolares/archivos/Unidad_didactica_en_Educacion_Primeria_El%20trabajo_domestico.pdf (Consulta: 04-10-2016)
- Salas García, B. (Coord.) (1997). *Guía para la elaboración del modelo co-educativo de centro*. Bilbao-Emakunde: Instituto Vasco de la Mujer. Disponible en: http://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/publicaciones_guias2/es_emakunde/adjuntos/guia.04.01.elaboracion.modelo.coeducativo.centro.cas.pdf (Consulta: 07-10-2016)
- VV. AA. (2006). *Igualdade como Solución- Unidade Didáctica*. Santiago de Compostela: Servizo Galego de Igualdade. Disponible en: https://igualdade.xunta.gal/externos/publdida_files/igualsol.pdf (Consulta: 12-10-2016)